



XUNTA  
DE GALICIA Saída 1818121 / RX 2120439  
REGISTRO ELECTRÓNICO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 10/11/2023 09:22:42



Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de  
Vilagarcía de Arousa  
Av. De Mariña nº 11  
36600 - Vilagarcía de Arousa  
PONTEVEDRA

**Xulgado:** Primeira Instancia e Instrución, núm 2 de Vilagarcía

**Procedemento:** Execución Hipotecaria 115/2021

**De :** ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A.

**Contra:** Ana María Rios Calvo

**Expte. Administrativo:** PO-97/501 conta 19

En contestación ao oficio dese xulgado de data do 03 de novembro de 2023, con entrada na área provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) en Pontevedra o 07/11/2023, no que solicitan informe sobre o réxime de protección da finca e se está suxeita o prezo máximo de venda, xuntamos o informe emitido pola xefatura de sección da Sección de Xestión Patrimonial do IGVS en Pontevedra.

Pontevedra

A xefa de área provincial

Margarita Cabaleiro Viñas

(documento asinado electronicamente)







PROCEDIMENTO: Execución hipotecaria 115/2021

XULGADO: Xulgado 1º Instancia e instrución , num. 2 de Vilagarcía

DEMANDANTE: ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.

DEMANDADO: Ana María Ríos Calvo

EXPTE. ADMINISTRATIVO: PO-97/501 conta 19

VIVENDA: R/ Ramón Cabanillas, N.º 6, P-1, 3º C de Vilagarcía de Arousa

Sebastián Seoane Blanco, xefe da Sección de Xestión Patrimonial da Área Provincial do IGVS de Pontevedra, en contestación á petición de informe, no que se solicita información sobre a vixencia do réxime de protección da vivenda e os requisitos que deben cumprir os licitadores que desexen participar na poxa pola vivenda,

#### INFORMA:

Que segundo a información contida na base de datos deste organismo, Ana María Ríos Calvo figura como adxudataria da vivenda de promoción pública de referencia (número de expediente PO-97/501 conta 19).

A vivenda obxecto desta consulta ten a cualificación legal de vivenda de protección oficial de promoción pública (EXPEDIENTE PO-97/501, cualificado definitivamente con data 15/12/2000) estando suxeita ao réxime de protección establecido na Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e no Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS (DOG nº 6 de 09/01/2008).

O réxime xurídico de protección das vivendas de promoción pública terá unha duración de 30 anos desde a data da cualificación definitiva, polo que a mencionada vivenda adquirirá a condición de vivenda **libre a partires do 15/12/2030**, ata esta data, manterase o réxime de uso, transmisión e prezos máximos establecidos nas





normas citadas anteriormente.

Polo tanto, de conformidade co disposto no artigo 21 do Decreto 253/2007 do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo a vivenda poderá acadar un prezo máximo de venda de **65.661,75 €**, dos que 59.692,50 € corresponden á vivenda, 4.775,40 € ao garaxe e 1.193,85 € ao rocho.

Así mesmo, en atención ás normas citadas anteriormente, para o caso de que a vivenda de referencia sexa alleada en poxa pública, os posibles licitadores ou rematantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- 1- Acreditar ingresos ponderados anuais correspondentes á unidade familiar ou de convivencia entre 0,7 e 2,5 veces o indicador público de rendas de efectos múltiples - IPREM-.
- 2- Que a persoa beneficiaria, ou calquera outro membro da unidade familiar ou de convivencia, non sexa propietaria doutra vivenda, a excepción dos casos previstos no artigo 64.1 da Lei de vivenda de Galicia, así como no suposto recollido no artigo 10º.I.3 a) e IV do Decreto 253/2007 citado anteriormente, referente a inhabibilidade, inadecuación ou insuficiencia de vivenda, e Resolucións do 14 de setembro de 2012, do presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que ter unha vivenda inadecuada ou insuficiente se recoñece situación excepcional no réxime de acceso ás vivenda protexidas, e do 23 de febreiro de 2015, que declara como situación excepcional no réxime de acceso ás vivendas protexidas de promoción pública a tenza doutra vivenda respecto da que non se posúa a súa plena propiedade e dispoñibilidade en calidade de dono, sempre que o valor catastral do inmovible non supere os 30.000 euros.
- 3- Non atoparse nalguna das circunstancias referidas no artigo 10.II do





Decreto 253/2007 (-Que xa foran titulares de vivendas de protección oficial de promoción pública e a perdesen como consecuencia dun procedemento de desafiuamento, resolución de contrato tramitado polo IGVS, ou a alleasen por calquera causa salvo cambios de residencia por motivos laborais, e -Que sexan titulares de bens inmobles de natureza rústica ou urbana suxeitos ao imposto sobre bens inmobles que teñan un valor catastral superior a 30.000 €).

4- Comprometerse a destinar a vivenda a residencia habitual e permanente.

Por último, cabe indicar que a Administración autonómica poderá exercer os dereitos de tanteo e retracto, segundo o previsto nos artigos 75 e seguintes da Lei 8/2012 de Vivenda de Galicia.

*(documento asinado electronicamente)*



